



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

Recoñecida entidade de utilidade pública, Ley 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

### **CIRCULAR 15-2013**

- A todas as Delegacións (\*)
  - A todos os asambleistas
  - A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada
- (\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

## **CAMPIONATO GALEGO DE MARCHA EN RUTA**

Cangas, 10 de febreiro do 2013

**Art.1)** A Delegación da F.G.A en Vigo en colaboración ca Diputación de Pontevedra, o Club Atletismo Vila de Cangas e a Fundación Cangas Deporte, organizará o Campionato Galego de Marcha en ruta que terá lugar na localidade de Cangas o vindeiro domingo **día 10 de febreiro** do 2013, en xornada de mañá.

**Art.2)** Poderán participar todos atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo durante a tempada actual (2012/13) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aunque pertenzan a Clubes de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

*\*Según acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

**Art.3** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 5 de febreiro do 2013.**

**Art.4)** Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba, según o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

**Art.5)** Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría (benxamin, alevín, infantil, cadete, xuvenil, junior, promesa, absoluto e veterán) sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

**Art.6)** Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.7). Horario e distancias do Campionato:**

11:00h	Alevín-infantil	Homes e Mulleres	3Km
11:30	Cadete	Homes e Mulleres	5km
12:10	Benxamín	Homes e Mulleres	2Km
12:30	Xuvenil-Junior-Veteranos	Homes e Mulleres	10km
	Promesa-Senior	Mulleres	10km
	Promesa-Senior	Homes	10km

**Art.8)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

---

Recoñecida entidade de utilidade pública, Ley 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

([direcciontecnica@fgatletismo.com](mailto:direcciontecnica@fgatletismo.com)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.

- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, pudiendo ser esta denegada.

**Art.9)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas da I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)  
A Coruña, a 1 de febreiro de 2013